

Confederación Intersindical Galega

Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL

Asunto: Alegacións ao proxecto e estudo de impacto ambiental da modificación de características, autorización e declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico reversíbel de Santa Cristina.

Expediente: H/32/00241C

Anxo Pérez Carballo, titular do documento de identidade nº 34.937.131 Q, con domicilio a efectos de notificación en Ourense, Parque de San Lázaro nº 12-4º, en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) na miña condición de Secretario Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel, mediante este escrito veño presentar **ALEGACIÓNS ao proxecto e estudo de impacto ambiental da modificación de características, autorización e declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico reversíbel de Santa Cristina, que ten como nº de expediente o H/32/00241C**, alegacións que seguidamente expoñemos.

INTRODUCCIÓN

A cantidade de instalacións de aproveitamento hidroeléctrico semella ser máis que suficiente, tanto no que ao conxunto de Galicia se refire, como concretamente nas augas do río Sil, polo que non se debe aprobar en ningún caso novas licenzas de explotación. En todo caso, habería que proceder á

substitución de maquinaria e aos cambios tecnológicos necesarios para incrementar a potencia das xa existentes.

Oxendía nos ríos galegos, e moi en especial nos ríos ourensans, estamos a vivir de xeito constante mortandades da fauna ictícola, podremos nas augas, proliferación de algas, seca de ríos... Como causa principal hai que sinalar a falta de osíxeno e a variación da calidade fisico-química do auga. Cada obra, embalse, trasvase, verquido, extracción de auga... agrava ainda máis esta dramática situación, polo que, sen ter conquerido o impacto cero nos nosos ríos, é inadmisible e incoherente a instalación dunha nova central.

De ningún xeito se deberán aceptar novas centrais hidroeléctricas ata que as actuais existentes observen a normativa actual, destacando o cumprimento das leis no que se refire ao mantemento da calidade das augas (augas arriba e auga desenbalsada), o réxime de caudais ecolóxicos (actualización das concesións) e o respecto dos pasos migratorios da fauna ictícola (no especial salmón, anguía e lamprea). Os recursos teñen que ir destinados á adaptación a lexislación vixente das actuais centrais e ao saneamento integral dos ríos.

Iberdrola xestiona un total de 15 centrais hidráulicas na provincia de Ourense, a maioría delas no río Sil, cunha produción -en 2010- de aproximadamente 3.318.000 megavatios, o que ven representar, a prezo mercado maiorista, máis de 130 millóns de euros de facturación. Todo este volúmen de negocio para xerar pouco máis de 130 empregos directos en toda a provincia, a cambio de ter representado un espectacular impacto ambiental e unha incalculábel merma na explotación da nosa riqueza natural e patrimonial.

Por outra banda, a Administración deberá ser escrupulosa na esixencia do cumprimento da normativa ambiental, nomeadamente no referido á calidade das augas, tanto caudal arriba como caudal abaixo. Pois ben, os precedentes que ten a empresa solicitante do aproveitamento que estamos a alegar, non se ten significado precisamente por seres respectuosa co medio, nin coas

especies e a vida que xera o río, nin co propio caudal, chegando mesmo a secalo literalmente nalgún dos seus tramos.

O proxecto do que estamos a falar e contra do que alegamos, crea unha balsa ou lago, no alto da ribeira fluvial do Sil, de preto de 40 hectáreas, nas inmediacións do convento de Santa Cristina. Sobre esa balsa ou lago, ou ben aproveitando a auga embalsada, crerárase na práctica unha nova central hidroeléctrica, polo que estamos a falar xa non dun aproveitamento, senón dun trasvase, polo que debería pasar, antes do estudo de impacto ambiental, polo Consello de Ministros do Estado, para a súa aprobación provisional, en base ao cal pedimos que sexa devolto para seguir dito trámite.

Non obstante o anterior, caso de non acoller esta proposta, presentamos ao proxecto e estudo de impacto ambiental da modificación de características, autorización e declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico reversíbel de Santa Cristina, as seguintes

ALEGACIÓNNS

Primeira.- Consideramos que o novo proxecto de aproveitamento hidroeléctrico reversíbel de Santa Cristina non pode ser considerado de utilidade pública, dado que non é necesario nin para garantir o suministro eléctrico, nin para estabilizalo, non xa só en Galiza, senón mesmo no resto do Estado español, xa que na actualidade a potencia instalada, segundo datos de 2010, os últimos coñecidos, é de 103.086 MW, mentres que nese mesmo ano, a demanda máxima de enerxía, deuse entre as 7 e as 8 da tarde do día 11 de xaneiro e foi de 44.122 MW. Datos que demostran que a capacidade de xeración de enerxía no Estado español está suficientemente dimensionada para garantir a demanda que poida haber, ao ter neste momento capacidade para producir máis do dobre da enerxía que se demandou o día que máis necesidade houbo.

Segunda.- Tal e como apuntamos na introducción, o río Sil ten sido xa nas últimas décadas suficientemente esquilmado, precisamente pola empresa solicitante, e ten dado, e continúa dando, píngües beneficios económicos que non se teñen traducido e melloras, nin ambientais, nin sociais, nin económicas, para os territorios e os concellos polos que decorre.

Segundo datos publicados recentemente, no ano 2010 Iberdrola pagou un total de aproximadamente 4,5 millóns de euros en concepto de Imposto sobre Bens Inmobilés (IBI) e de Actividades Económicas (IAE), cantidade distribuída, segundo volúmen, entre 27 concellos das provincias de Lugo e Ourense, e que representa unha mínima parte da facturación total da empresa, e mesmo dos beneficios netos.

A frenética presenza e actividade hidráulica nas ribeiras do Sil non ten servido para fomentar as riquezas naturais e patrimoniais das mesmas, nin para potenciar as súas posibilidades de desenvolvemento económico. Moi ao contrario, destruíron amplas zonas e vales de grande riqueza agrícola e forestal.

En definitiva, a balanza ou resultado final beneficia con moita diferenza a Iberdrola e prexudica aos territorios do noso país que transcorren ás beiras do río Sil.

Terceira.- O proxecto prantexa unha duración de execución das obras de oito anos, longo período no que, entre outras, o Sil tería que soportar:

- Un grande impacto xeolóxico nunha zona de indiscutíbel riqueza ambiental e patrimonial, pero ao tempo de grande sensibilidade, como é a Ribeira Sacra.
- Serán millóns de metros cúbicos de escombros e cascallos procedentes das excavacións en tuneis e desmontes.

- Un inxente tráfico de camións de grande tonelaxe e de maquinaria pesada circulando de xeito continuo.
- O uso masivo de explosivos, coas vibracións posteriores conseguintes.
- A apertura de novas vías de circulación.
- Os valeirados e secas provocadas (xa o ten feito esta mesma empresa e así consta documentalmente).
- As oscilacións dos caudais ecolóxicos en diversas partes do ano.
- As agresións a todas as formas de vida que producen as ribeiras do Sil.

Cuarta.- Durante os oito anos previstos para a execución da obra, os prexuízos económicos para as zonas afectadas van ser cuantiosos, dado que vai incidir irremediábelmente no turismo, ún dos motores económicos que está chamado a ser unha actividade prioritaria no desenvolvemento desas comarcas.

Quinta.- A extraordinaria dureza dos traballos previstos (explosivos, maquinaria pesada, millóns de metros cúbicos de cascallos, a modificación das redes de comunicación...) pode mesmo afectar á propia estrutura dos Canóns do Sil, debilitándoa, así como modificar as redes naturais de augas soterradas, o que afectaría gravemente ás especies animais e vexetais, e ás explotacións agrícolas e gandeiras, así como á vida das veciñas e veciños das aldeas e concellos próximos.

Sexta.- O río Miño, en quen desemboca o Sil á altura dos Peares, tamén se vai ver afectado polos cambios de caudal continuos e os lodos que baixarán río abaixo, como xa aconteceu en 2009 cando Iberdrola secou tramos do Sil. Isto provocará un efecto dominó que fará que todas as afecctacións negativas do Sil vaian trasladarse ao Miño. Iso sen contar coa importancia que este último ten para a

provincia de Ourense e para a propia cidade das Burgas, chamada a ser a capital termal europea.

Sétima.- No caso de ir adiante as obras, o impacto visual unha vez rematadas, sería tamén enormemente negativo para os intereses económicos das zonas afectadas e para o equilibrio medioambiental. Unha subestación transformadora, unha chimenea de equilibrio, o depósito da auga, a parte visíbel da tubaría forzada, o emboquille nos túneis ou a rede de alta tensión. Sen dúbida o peor “mobiliario” que se poda ter nun espazo natural da riqueza e solemnidade da Ribeira Sacra.

Octava.- Realízase unha inversión multimillonaria coa única finalidade de obter uns importantes beneficios, en lugar de aproveitar os recursos endóxenos que ten a zona. A viticultura, o turismo, o aproveitamento do medio para o consumo alimentario (mel, cogumelos, froitas) crearían moitos más empregos e de mellor calidade, que a salvaxe explotación hidraulica que se propón, e, o que é mellor, respectaría a riqueza cultural e patrimonial da Ribeira Sacra, así como o seu valor ecológico e medioambiental.


Novena.- Levar adiante este proxecto impedirá, con total seguridad, a declaración da Ribeira Sacra e dos Canóns do Sil, como Patrimonio da Humanidade.

Décima.- Debemos apostar por poñer en valor a nosa riqueza natural e aproveitala de xeito que xere novas fontes de riqueza para o futuro. O que se está a pretender con este proxecto é xustamente o contrario: sacar o máximo proveito no menor tempo posíbel, aínda que sexa a costa de esquilmar os espazos aproveitados.

En base ás razóns expostas anteriormente, **SOLICITO** que se teñan en conta as **ALEGACIÓN****S** presentadas e, na súa virtude, **sex**a

devolto o informe e trasladado ao Consello de Ministros, ou, subsidiariamente, se informe desfavorábelmente o proxecto e estudo de impacto ambiental da modificación de características, autorización e declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico reversíbel de Santa Cristina, que ten como nº de expediente o H/32/00241C, por ser contrario aos intereses da Ribeira Sacra e por representar un grave atentado á súa riqueza natural e patrimonial.

Ourense, a 9 de setembro de 2011.



Anxo Pérez Carballo

Secretario Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel
da Confederación Intersindical Galega (CIG)